



Confederación Intersindical Galega
ADMINISTRACION PUBLICA

INFORME da DIRECCIÓN NACIONAL do SECTOR DA ADMÓN DO ESTADO DA C.I.G., sobre as modificacións incluídas nos Reais Decretos de Provisión de Postos e Situacións Administrativas por Acordo do Consello de Ministros (R.D. 255/2006, BOE do 4 de marzo)

Estas modificacións, xustificadas pola aplicación da Lei de Igualdade e do Plan Concilia, **impoñen a valoración, como mérito**, nos concursos o coidado dos fillos menores de 12 anos ou de familiares ata o segundo grado de consanguinidade ou afinidade, así como a valoración do destino previo do cónxuxe funcionario.

Á primeira conclusión a que chegamos é que, **se ben se deben adoptar medidas que concilien** e favorezan a vida familiar e laboral, éstas débense abordar dende outra perspectiva, e **non dende a consideración como "MÉRITO"** o feito de estar casado/a (dependendo con quen, pois según a redacción dada só se ten que conciliar o feito de estar casado cun funcionario/a e, non con un laboral ou con un traballador/a da empresa privada, o que plantea xa unha clara discriminación por acceso ou profesión) á hora da valoración dos concursos para a provisión dos postos.

Pareceríanos máis axeitado o establecer outro artigo no que se contemple outra modalidade: "**Movilidadade por razóns familiares**", do mesmo xeito que se crea un artigo 66 bis e 66 ter.

Agora ben, quedando claro o noso desacordo coa consideración e valoración como mérito da situación familiar, no caso de non poder evitar a súa inclusión, propomos que se faga do seguinte xeito:



Confederación Intersindical Galega
ADMINISTRACION PUBLICA

1. Que a valoración se aplique únicamente no caso de solicitar un posto do nivel mínimo do grupo de pertenza.
2. Que se valore coa mínima puntuación posible.
3. Que a puntuación na valoración por coidado de fillos non dependa do número destes.
4. Que nas mesmas bases da convocatoria se estableza cómo se ten que acreditar que o posto que se solicita permite unha mellor atención ó menor ou ó familiar.

En relación cos **novos artigos creados por este RD (66 bis e 66 ter)**, referidos á **movilidade por razóns de saúde ou rehabilitación**, e á **movilidade da funcionaria vítima de violencia de xénero**, establécese que esta "movilidade" terá carácter definitivo, pero verase condicionada a súa concesión por dous factores:

1. Que exista un posto vacante con nivel de complemento de destino e específico non superior ó do posto de orixen.
2. Que de existir, sexa necesaria a súa cobertura (a criterio da Admón).

Con limitacións tan importantes ás mobilidades aludidas, o máis probable é que para cando a concedan, xa desapareceran os motivos que sustentaron a súa petición.

Dende CIG, creemos máis axeitada unha medida que pase por unha solución acorde co problema. Ante problemas temporais ou coiunturais as solucións deberán ter o mesmo carácter temporal e non definitivo. E que o procedemento fose máis áxil para dar cobertura real a estas situacións, que polas súas características merecen inmediatez, e non a espera de que apareza unha vacante e que sexa considerada de necesaria cobertura.

A Coruña, a 3 de abril do 2006